

Alumnado que acade a promoción a 2º ou que repite o 2º curso.

O alumnado presentará a solicitude de admisión ([Anexo I](#)) no centro no que vai cursar as ensinanzas no mesmo período que o resto de alumnado de FPB.

Prazo de admisión e matrícula: Do 26 de xuño ao 6 de xullo ás 13.00 horas

Hai que diferenciar as seguintes situacións:

- **Alumnado que promociona de 1º a 2º curso no mesmo centro e ciclo:** ten a praza garantida e a presentación da solicitude terá a consideración de matrícula.
- **Alumnado que repite o 2º curso no mesmo centro e ciclo:** ten a praza garantida e a presentación da solicitude terá a consideración de matrícula.
- **Alumnado que promociona de 1º a 2º e quere cambiar de centro:** NON ten a praza garantida e só se efectuará a matrícula de existiren prazas vacantes suficientes no grupo ao que desexa incorporarse.
- **Alumnado que repite o 2º curso e quere cambiar de centro.** NON ten a praza garantida e só se efectuará a matrícula de existiren prazas vacantes suficientes no grupo ao que desexa incorporarse.